

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

Bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, da provincia da Coruña, no ano 2016

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO

SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

ANUNCIO

Na sesión celebrada o día 23 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno acordou aprobar as bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, da provincia da Coruña, no ano 2016, que se transcriben de seguido.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO A ENTES DE XESTIÓN, ASOCIACIÓNS, MANCOMUNIDADES E CONSORCIOS TURÍSTICOS PARA A MELLORA DA CALIDADE, COMPETITIVIDADE E ACTIVIDADES TURÍSTICAS, DA PROVINCIA DA CORUÑA, NO ANO 2016

Datos do programa:

Denominación:	Programa de subvencións a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos destinada á mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, da provincia da Coruña, entre o 1 de xaneiro de 2016 ao 31 de decembro de 2016
Referencia:	DP0030/2016
Aplicación orzamentaria:	0510/4321/463.01 ----- 130.000 € 0510/4321/467.01 ----- 110.000 € 0510/4321/479 ----- 210.000 € 0510/4321/481 ----- 200.000 €
Importe total do crédito consignado:	650.000 €
Importe do orzamento de gastos da actividade:	Máximo 150.000 €
Importe máximo da subvención que se ha conceder:	Máximo 120.000 €
Porcentaxe subvencionable do orzamento de gastos:	Até o 80% (coeficiente 0,8)

Base 1.-Liñas xerais.

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destínalle importantes recursos á actividade de fomento do turismo, como as axudas obxecto da presente convocatoria, para actividades en materia de calidade, competitividade, organización de eventos e iniciativas turísticas que realicen os entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos do 1 de xaneiro de 2016 ao 31 de decembro de 2016.

Polo que se refire ao tipo de tramitación, as subvencións desta convocatoria tramitaranse de xeito telemático.

A tramitación telemática aplicaráselle a todas as fases do procedemento (solicitude, concesión e xustificación) e incluíranse en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación e máis os envíos de documentación que fosen necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificaránselle aos interesados as resolucións e actos administrativos que lle afecten os seus dereitos e intereses.

A resolución da solicitude de subvención, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva e, de conformidade co establecido nos artigos 59.6.b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, notificarase mediante pu-

blicación no Boletín Oficial da Provincia e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de edictos e na páxina web da Deputación, á cal se remitirá o texto publicado no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

Base 2.-Réxime xurídico.

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación da Coruña, está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais e regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 11/2007, do 22 de xuño, da acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2016, da Deputación da Coruña.
- Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña.
- Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia e normativa de desenvolvemento.

Base 3.-Obxecto específico do programa.

O obxecto desta convocatoria é establecer as normas para a solicitude, a concesión, a xustificación e o pagamento das subvencións deste programa, en réxime competitiva, que conceda a Deputación da Coruña, ao amparo do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (RDLXS) e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

As axudas obxecto da presente convocatoria refírense ás actividades que en materia de calidade, competitividade, organización de eventos e iniciativas turísticas realicen os entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016. E despois da petición razoada da entidade beneficiaria da subvención, ditas actividades poderán ser realizadas con posterioridade ao 31 de decembro de 2016, con data límite do 30 de abril de 2017. Esta petición de prórroga terá que presentarse no prazo de dez días dende a notificación da resolución definitiva.

Serán gastos subvencionables neste programa:

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA(*)
654	Desprazamentos
621	Arrendamentos e canons
622	Reparacións e conservacións
623	Servizos de profesionais independentes (contratacións externas)
627	Publicidade e propaganda
628	Subministracións
629	Comunicacións e outros servizos
640	Soldos e salarios
642	Seguridade social por conta da entidade
649	Outros gastos sociais

(*)Resolución do 26/03/2013, do Plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos

Os gastos xerais da entidade (persoal e gastos correntes) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada non poderán superar o 13% dos custos directos.

Serán obxecto de axuda os proxectos que se desenvolvan en relación cos seguintes apartados:

A) Actuacións en materia de calidade

Serán admisibles e avaliábeis aqueles proxectos que leven aparelado un incremento da calidade na prestación dos servizos turísticos no territorio. Valoraranse especialmente os plans de formación encamiñados á mellora da calidade dos servizos e actualización e profesionalización dos sectores directamente relacionados coas actividades turísticas.

B) Organización de celebracións e eventos turísticos

As actuacións presentadas baixo este apartado deberán, en calquera caso, reunir os seguintes criterios xerais:

- En todos os casos o tema da celebración deberá gardar unha estreita relación coa entidade que o promove e tanto o evento en si mesmo, como as actuacións concretas que se organicen, terán un carácter xeneralizado. Deberán demostrar a capacidade de captar unha afluencia importante de visitantes de fóra do ámbito territorial de xestión da entidade solicitante.
- Poderán ser acollidos tan só aqueles eventos cun orzamento (inicial e xustificado final) igual ou superior a 20.000 euros.
- Quedarán excluídos os eventos celebrados dentro de festas patronais, romarías, festexos de carácter relixioso (salvo que estean declaradas de interese turístico).
- Un ente supramunicipal poderá presentar, como máximo, dous eventos, que se realicen en concellos diferentes.

Os eventos turístico-festivos e os turístico-deportivos deberán xustificar, en todo caso, a súa integración dentro dos Plans de desenvolvemento turístico da súa zona.

Gastos subvencionables

Enténdense como gastos subvencionables os seguintes:

- Os gastos xerais propios da organización do evento que estean relacionados directamente co eixe principal do devandito evento.
- As actuacións dinamizadoras do evento de rúa, de carácter xeneralizado e público a condición de que non supoñan unha programación con identidade propia paralela ao evento principal.
- As axudas de custo de invitados especiais (xornalistas, escritores, etc.) susceptibles de xerar publicidade gratuíta (non así agasallos ou obsequios de carácter xeneralizado).
- Os gastos de contratación de asistencia externa para a coordinación do evento por un orzamento máximo dun 10% do total do proxecto.
- Os gastos de comunicación e publicidade até un máximo dun 30% sobre o total do evento.
- Será tamén obxecto de subvención nos casos nos que o tema central sexa un produto gastronómico relacionado coa asociación que o promove, e unicamente nestes casos, a materia prima producida no territorio obxecto da subvención, máis os ingredientes básicos necesarios para a súa elaboración. En todo caso gastos, ingredientes e elaboración non poderán supor máis dun 20% do orzamento aceptado. Non están contemplados nesta convocatoria os gastos de roupa ou utensilios para degustacións, nin os de comidas populares ou institucionais, os concertos ou verbenas nocturnas, nin charlas ou conferencias.
- O orzamento deberá estar debidamente desagregado e agrupado como mínimo, no seu caso, nos seguintes conceptos: gastos xerais de organización, asistencia técnica, axudas de custo dos convidados, actuacións de animación, produtos alimenticios, actuacións de promoción-comunicación. O devandito orzamento deberá, en calquera caso, gardar coherencia e proporcionalidade no seu conxunto.

C) Iniciativa de desenvolvemento de produtos

Esta epígrafe ten como obxectivo acoller aquelas actuacións e propostas dinamizadoras que melloren a experiencia turística no territorio, propostas que, en todo caso, deberán reunir os seguintes requisitos:

- A actuación debe ter unha clara vocación de permanencia e continuidade no tempo e capacidade de xerar ingresos directos ou indirectos no sector empresarial, sector que, en todo caso, deberá participar do proxecto de forma activa.

- Se a proposta inclúe visitas ou actividades previstas para a participación dun grupo de persoas, establecerase un mínimo de persoas necesario para a súa realización.

Gastos subvencionables

Enténdense como gastos susceptibles de seren acollidos os seguintes:

- Gastos de deseño da proposta ou de desenvolvemento de contidos.
- Gastos de asistencia externa para a coordinación da execución da proposta e control do cumprimento de obxectivos.
- Material interpretativo do recurso turístico, sempre relacionado coa proposta que se desenvolva.
- Gastos xerais efectivos de comunicación, promoción, necesarios para dar difusión á proposta.
- Gastos que resulten inherentes ao proxecto e sen os cales este perde o seu sentido (non se considerarán como tales os gastos de oficina ou papelería).

D) Xestión técnica dos entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios**Gastos subvencionables:**

Serán obxecto de axuda os gastos relativos ao persoal da xerencia dos consorcios que realicen actuacións das contempladas na presente convocatoria.

Poderán tamén ser gastos subvencionables aqueles de carácter xeral da entidade (persoal administrativo e gastos de subministracións, auga, luz, etc...) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 13% dos gastos directos da actividade. Estes gastos teñen que especificarse motivadamente no orzamento.

Excluírase o importe do imposto sobre o valor engadido nos casos en que este sexa repercutible, é dicir, susceptible de recuperación ou compensación.

Base 4.–Exclusións.

Non serán obxecto de subvención:

- 4.1. As actividades xa subvencionadas pola Deputación da Coruña, no presente exercicio ou en exercicios anteriores.
- 4.2. Os gastos que non se correspondan co obxecto específico da convocatoria.

Base 5.–Solicitantes.

Poderán participar as seguintes entidades, que cumpran os requisitos do seguinte apartado, no momento de presentaren a solicitude:

- Os consorcios turísticos e mancomunidades, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, que consten debidamente rexistrados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.
- As asociacións turísticas que teñan como finalidade a xestión dun xeodestino, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, que consten debidamente rexistradas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016 e que estean participadas, como mínimo, do 75% dos concellos do territorio do xeodestino.
- Outros modelos de entes de xestión turística nos que a cota de participación ou o capital maioritario sexa de carácter público e que consten debidamente rexistrados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.
- As asociacións sen ánimo de lucro que manteñan oficinas turísticas operativas e atendidas, en edificios singulares ou significativos (museos, centros de interpretación, faros, castelos...), e que non teñan ningunha outra axuda para a actividade obxecto desta subvención.

Base 6.–Obrigas das entidades.**Obrigas das entidades solicitantes**

6.1. Teren o domicilio fiscal na provincia da Coruña ou acreditar que as actividades obxecto da subvención se realizan no ámbito territorial da provincia.

6.2. Tendo en conta que a tramitación será telemática, as entidades deberán dispoñer de:

- Enderezo de correo electrónico que non poderán variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán a ese enderezo. Excepcionalmente, no caso de modificar ese enderezo, deberán de notificalo á Deputación.
- Certificado dixital quen ocupe a presidencia da entidade, quen ocupe a secretaría e quen represente á entidade perante a Deputación (no caso de ser distinta das dúas anteriores).

6.3. Estaren ao corrente das súas obrigas coa Facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

6.4. Teren aprobadas as contas anuais que legalmente sexan esixibles e presentadas ante os organismos que correspondan.

6.5. Non estaren incursas nas causas de incompatibilidade ou de incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren as subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro.

Obrigas das entidades beneficiarias

6.6. Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades subvencionadas.

6.7. Someterse, na súa condición de quen subscribe a conta, aos procedementos de control que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código Penal.

6.8. Se o importe da subvención provincial é superior a 60.000 €, a contratación con terceiros para a execución total ou parcial das actividades ou investimentos realizarase conforme ás normas de aplicación á contratación das Administracións públicas, utilizando para tal fin os pregos de condicións xerais da Deputación Provincial para o concurso ou poxa e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrência.

Base 7.-Solicitudes.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, na sede electrónica da Deputación da Coruña.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.

7.1. Prazo de presentación das solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria do presente programa no BOP, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

7.2. Documentación.

A documentación da solicitude deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso de certificacións, pola secretaría co visto e prace da presidencia da entidade ou persoa en quen delegue.
- No caso de declaracións, compromisos e outra documentación, pola presidencia ou persoa que represente á entidade.

A documentación a presentar é a seguinte:

7.2.1.-Documento acreditativo da delegación da presidencia da entidade no que se especifique o alcance de dita delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións).

7.2.2.-Identificación da entidade solicitante: tarxeta do NIF. Se a entidade solicitante xa consta rexistrada no ficheiro de terceiros da Deputación non será necesaria a entrega deste documento.

7.2.3.-Declaración de estar legalmente constituída antes da presentación da solicitude, de dispoñer dos estatutos adaptados á lexislación vixente e de que o seu obxecto a faculta para participar na convocatoria na que solicita a subvención.

7.2.4.-Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña. No caso de que os datos bancarios da entidade consten no ficheiro de terceiros da Deputación, non será necesaria a entrega deste documento.

7.2.5.-Certificación acreditativa do acordo de solicitude.

7.2.6.-Memoria explicativa das tarefas que han realizar os entes de xestión, asociacións, mancomunidades ou consorcios, así como o calendario de actividades previstas.

7.2.7.-Informe técnico, certificado pola secretaría dos entes de xestión, asociacións, mancomunidades ou consorcios no que consten os datos subministrados na solicitude para os efectos de baremación.

7.2.8.-Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería Social nas que se acredite estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social nos momentos da concesión provisoria desta subvención e no de recoñecer as obrigas e ordenar os pagos das subvencións.

7.2.9.–Documento acreditativo da aprobación das contas anuais que legalmente sexan esixibles e da súa presentación ante os organismos que correspondan.

Base 8.–Resolución.

8.1. Valoración das solicitudes. Criterios de baremación da convocatoria.

Número total de prazas de aloxamento en establecementos turísticos do territorio. Este dato extraerase do Rexistro oficial de empresas e actividades turísticas dependente da Dirección Xeral de Turismo, referido a 31 de decembro do ano anterior ao da convocatoria.	Entre 1 e 250----- 4 puntos Entre 251 e 500----- 8 puntos Entre 501 e 750----12 puntos Entre 751 e 1000-- 16 puntos Máis de 1000----- 20 puntos	Até 20 puntos
Poboación residente no territorio obxecto de xestión da entidade solicitante	Menos de 20.000 -- 5 puntos 20.000 a 30.000 -- 10 puntos 30.001 a 50.000 -- 15 puntos Máis de 50.000 --- 20 puntos	Até 20 puntos
Festexos declarados de interese turístico galego ou estatal que se desenvolvan no ámbito do territorio	1 punto por evento	Até 5 puntos
Valoración técnica do proxecto segundo a memoria subministrada	·Descrición das actividades, obxectivos e cronograma -- Até 5 puntos ·Plan de difusión -- Até 5 puntos ·Fundamentación das razóns de interese público -- Até 10 puntos ·Plan de avaliación: definición de indicadores e avaliación continua --- Até 5 puntos	Até 25 puntos
Coefficiente de financiamento ou capacidade de autofinanciamento da entidade "segundo a súa definición, recollida no apart. 9.2.1 destas bases. De tal xeito que a menor coeficiente meirande puntuación obtería a entidade solicitante"		Até 25 puntos
Emprego da lingua galega nas actividades		Até 5 puntos

Unha vez comprobada a adecuación das solicitudes ao obxecto da convocatoria e realizada a valoración, elaborárase unha listaxe por orde de puntuación, de onde se extraerá a proposta de adxudicación.

8.2. Concesión.

A concesión das subvencións realízase mediante un réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución da Presidencia, despois da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente, para o que se lle requirirá informe á unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación despois da súa fiscalización.

A comisión avaliadora estará composta polas seguintes persoas:

- Presidente/a: deputado/a presidente/a da comisión informativa correspondente.
- Vogais: tres deputados/as designados/as pola Presidencia da Deputación da Coruña.

Na comisión desenvolverá as funcións de secretaría, sen voto, persoal funcionario da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación.

A unidade encargada da tramitación do expediente, á vista da documentación que consta nel e do informe proposta da comisión avaliadora, formulará un informe-proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía. O devandito informe-proposta de resolución detallará a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles aos interesados na forma prevista na convocatoria, e concederlles un prazo de 10 días hábiles para comunicar, no seu caso, ben a desistencia da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentar alegacións. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerase aceptada tacitamente.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polos interesados. Neste caso, a resolución de concesión provisional adoptada terá o carácter de definitiva.

No caso de que existisen alegacións por parte dos interesados, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva de subvención.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Deputación mentres non se lle notifique a resolución definitiva de concesión.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución de outorgamento ou desestimación das solicitudes non poderá exceder de 6 meses nos termos establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e nos artigos 62 e 63 do Regulamento da mesma.

8.3. Reformulación das solicitudes.

Despois da notificación da resolución de concesión provisional das subvencións e dentro de prazo concedido de 10 días hábiles, cando a cantidade que se ha conceder sexa inferior á solicitada, a entidade deberá reformular a súa solicitude unicamente no caso de que o orzamento definitivo da actividade que se vai realizar sexa inferior ao orzamento subvencionado que se ha xustificar, segundo figura na resolución de concesión provisional.

A solicitude de reformulación deberá achegar o proxecto adaptado co novo orzamento. O dito proxecto deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención.

8.4. Cambios de obxecto.

Despois da notificación da resolución de concesión provisional das subvencións e dentro do prazo concedido de 10 días hábiles, a entidade poderá solicitar razoadamente o cambio de obxecto da subvención, para o que deberá achegar o proxecto adaptado ao novo obxecto. O proxecto adaptado deberá respectar a finalidade da subvención.

Recibida a solicitude razoada da entidade, poderá autorizarse o cambio de conceptos concretos que se detallan no proxecto ou orzamento da solicitude.

Esta solicitude será obxecto de resolución da Presidencia, logo da proposta previa da comisión avaliadora que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as mesmas condicións da subvención concedida: o coeficiente de financiamento, o importe da subvención e o orzamento subvencionado.
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao orzamento subvencionado inicial, a comisión avaliadora, logo do informe previo da unidade xestora, deberá determinar o novo coeficiente de financiamento para o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.

Base 9.-Xustificación e pagamento.

9.1. Prazo de xustificación.

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 30 de abril de 2017, ás 14.00 horas.

Os eventuais reintegros que se poden producir na xestión das subvencións regularanse polo establecido na Resolución de Presidencia nº 6.007 do 01/04/2011.

9.2. Consideracións xerais.

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos e os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos aprobados no orzamento inicial.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade local.

9.2.1.-O coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentados pola entidade.

A cantidade para xustificar será o importe da subvención concedida dividido entre o coeficiente de financiamento que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención da Deputación da Coruña, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O gasto xustificando documentalmente deberá acadar, polo menos, o importe do orzamento subvencionado para xustificar.

9.2.2.-O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal cuantía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade desenvolvida pola entidade beneficiaria.

9.2.3.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

9.3. Documentación xustificativa.

A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso de certificacións, pola secretaría co visto e prace da presidencia da entidade ou persoa en quen delegue.
- No caso das declaracións e outra documentación, pola presidencia da entidade ou persoa en quen delegue.

A documentación a presentar é a seguinte:

9.3.1.–Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, das persoas beneficiarias, dos resultados obtidos e as desviacións acaecidas, asinado dixitalmente.

Se o importe do gasto subvencionable supera a contía de 18.000 € no suposto de prestación de servizos por empresas de consultoría e asistencia técnica, a entidade beneficiaria da subvención deberá manifestar que solicitou tres orzamentos segundo o establecido no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9.3.2.–Certificación expedida pola secretaría da entidade local, da relación clasificada de pagos realizados con identificación dos acredores (nome da empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (número de factura ou documento equivalente, importe e data completa de emisión).

Para os gastos de persoal indicárase para cada traballador/a e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.

Se o importe da subvención supera a contía de 60.000 €, a entidade beneficiaria deberá presentar a conta xustificativa segundo a base 56ª de execución dos orzamentos da Deputación Provincial da Coruña.

Unicamente se admitirán xustificantes correspondentes a actividades realizadas entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016, ou no caso de prórroga ata o 30 de abril de 2017.

No caso de programas ou proxectos subvencionados en anos sucesivos, presentarase declaración de que os xustificantes que se achegan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores.

9.3.3.–Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para o mesmo obxecto, das subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse certificación da Administración que a concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ao que se refiren os gastos.

9.3.4.–Declaración do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixese das actividades subvencionadas.

9.3.5.–Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematase o prazo para a presentación dos xustificantes.

9.3.6.–Declaración de ter aprobada a última conta anual que legalmente sexa esixible e presentada ante os organismos que correspondan.

9.3.7.–Cando a xustificación se presente fóra de prazo, a entidade aceptará a sanción que lle corresponde segundo se recolle nas bases da convocatoria, así como a compensación do importe da sanción no pago da subvención.

Para o cobramento da subvención, as entidades deberán presentar a documentación que se estableza nesta bases.

9.4. Tramitación da xustificación.

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art.31.2 da Lei Xeral de subvencións, enténdese que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada na base anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo dos informes previos da unidade xestora despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e, se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

1. No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
2. No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
3. No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición, ditándose resolución que deberá ser notificada á beneficiaria.

A Deputación da Coruña poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

Conforme ao que se dispón nas bases de execución do exercicio correspondente, o grao de execución das actividades subvencionadas poderá ser considerado entre os criterios de valoración en futuras convocatorias.

9.5. Procedemento de reintegro de subvencións.

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións, ou ausencia de xustificación destas nos termos contemplados nestas Bases, ou cando se acrediten estas circunstancias ou se poña de manifesto o incumprimento das obrigas do beneficiario durante o proceso de control financeiro posterior ao pagamento, a Deputación provincial esixiralles ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias, o reintegro das cantidades correspondentes xunto cos xuros de mora correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

No caso de que non efectuase o ingreso do importe que se ha de reintegrar no prazo establecido para o efecto, autorízase expresamente a Deputación para que poida efectuar a compensación con calquera débito a favor do beneficiario da subvención, a través das entregas a conta da recadación (no caso de entidades usuarias do Servizo) ou de calquera outra subvención que se encontre no trámite de pagamento (para as non usuarias).

Base 10.-Incumprimentos e sancións.

Ao vencemento do prazo de xustificación sinalado nestas bases, sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación colectiva.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 150 €.
- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 400 €.
- Atraso na presentación da xustificación de máis de tres meses: sanción do 30% do importe da subvención, co límite de 900 €.

Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción, agás que a entidade sancionada formule a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Outros datos de interese

Para os efectos da salvagarda do dereito das entidades participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos dispostos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Subvencións.

A aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do orzamento xeral da Deputación da Coruña do correspondente exercicio no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender as solicitudes que ao amparo destas se presenten.

Consonte ao anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada no apartado anterior.

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases reguladoras.

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria realizarase por vía telemática, a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

A Coruña, 24 de novembro de 2016.

O presidente

Valentín González Formoso

O secretario

José Luis Almau Supervía

2016/9845